



CIG

Boletín Sindical

Nº 74 - 2024

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

A CIG, indiscutíbel primeira forza sindical en Galiza

A CIG sitúase como indiscutíbel primeira forza sindical ao remate do período de eleccións sindicais en Galiza, que se iniciou o 1 de xaneiro de 2020 e finalizou o 31 de decembro de 2023. A central sindical obtivo un total de 5.131 delegados e delegadas e o 31,05% da representación total, e mesmo mellorou, obtendo 589 delegados e delegadas máis, un 1,59% máis que hai 4 anos.

A CIG manifesta o “orgullo” polo traballo feito polos compañeiros e compañeiras que deron o paso adiante para formar parte deste proxecto colectivo de emancipación nacional e de clase.

Con todo, o importante “non é ser un sindicato con gran número de afiliación e de representación, senón ser un instrumento útil e capaz, de contrapoder fronte á explotación de clase e firme na defensa dos intereses da clase traballadora galega”, explica o secretario xeral, Paulo Carril.

Os datos

A CIG é primeira forza tamén nas comarcas da Coruña, Ferrol, Compostela, Pontevedra e Vigo, e segunda en Lugo, empatada con CCOO, e Ourense. En canto ás federacións, a central sindical tamén se situou como primeira forza en Construción, FGAMT, Industria, Saúde, Servizos e no Ensino Público.

A segunda forza segue sendo a UGT, con 4.248 delegados e delegadas e un 25,71%, quedando a 883 da CIG e 5,34 puntos por baixo da CIG. CCOO queda como terceira forza, con 4.142 delegados e delegadas e un 25,07% en porcentaxe, quedando

a 989 delegados e delegadas e 5,98 puntos por baixo da CIG.

Alén de ser primeira forza en todas as comarcas, agás Lugo e Ourense, a CIG tamén o é en boa parte das Unións Locais, aquelas que se organizan en torno ás vilas. É o caso das Unións Locais de Carballo e Cee, nesta última superando o 43%, ou a Unión Local das Pontes, cun 47,83%, a Unión Local da Mariña, a Unión Local de Verín, tamén con máis do 45% de representatividade para a CIG, as Unións Locais da Estrada e O Salnés, ou nas tres Unións Locais da área de influencia de Vigo: O Baixo Miño, O Morrazo, e O Porriño. No Baixo Miño, ademais, cun amplísimo 61.62% de representatividade.

Condición legal de “máis representativa”

Con estes resultados a CIG revalida e reforza a condición de primeira forza sindical e a condición legal de máis representativa de acordo á Lei Orgánica de Liberdade Sindical (LOLS) que o sindicalismo nacionalista ten desde o ano 1982.

Isto despreza efectos tamén no Estado español e por tal condición participamos como membros de pleno dereito na delegación española da Organización Internacional do Traballo (OIT) e dos organismos tripartitos creados no seo da Administración Xeral do Estado e dos seus organismo autónomos.

Somos unha organización sindical que temos, por imperativo legal -mesmo constitucional-, dereito á participación institucional en igualdade de condicións ao resto das organizacións sindicais máis representativas, que no



caso do Estado español son só CIG, o sindicato vasco ELA, CCOO e UGT.

Porén este Goberno español, e de forma especial os Ministerios de Traballo e Seguridade Social, destacan por ser constantes e permanentes na falta de respecto á nosa representación e aos nosos dereitos de participación institucional.

Por iso, é preciso seguir acumulando forzas, máis poder sindical, porque “onde hai sindicato, onde está a CIG, hai melloras reais nas nosas condicións laborais e de vida”. Un poder sindical “imprescindíbel para combater o roubo e saqueo á clase traballadora e ao pobo galego”, mais tamén para rematar “coa precariedade, co abuso na contratación a tempo parcial e fixa discontinua en todos os sectores, públicos e privados”.



A CIG clama contra a precariedade e por unha nova lexislación laboral

Co inicio do mes de febreiro, a CIG arrincou a campaña "Stop Precariedade! Traballo digno" cunha multitudinaria asemblea e unha manifestación en Compostela na que máis de 2.000 delegados e delegadas reclamaron unha nova lexislación para dignificar as condicións laborais da clase traballadora galega. A precariedade chegou a tal punto que hoxe ter un traballo non garante os ingresos necesarios para poder vivir dignamente.

No decurso da asemblea, o secretario xeral, Paulo Carril, responsabilizou desta situación o "gobierno español autodenominado máis progresista da historia" por ter aprobado a última reforma laboral sen derrogar as anteriores, propiciando a instauración da "pobreza laboral, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios", poñendo ao dispor da patronal "máis medios para empeorar as nosas condicións laborais e salariais".

Unha reforma laboral que, explicou, multiplicou a precariedade; xeneralizou a contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais e permite o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba, de xeito que os contratos se rescinden por non

superar ese período, sen ningún tipo de indemnización. A isto engadiu o fomento dos ERTE permanentes en todos os sectores; o reforzo das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Na asemblea, ademais da secretaria das Mulleres da CIG, Nicolasa Castro, que denunciou como a xeneralización da precariedade empo-

breceu especialmente as mulleres mesmo agrandando a fenda salarial de xénero, e do secretario confederal de Emprego, Francisco González Sio, que chamou a "parar mediante a negociación colectiva, a mobilización e a folga o empobrecemento e a perda de dereitos", interviñeron as secretarías e secretarios nacionais, que detallaron a situación de precariedade en cada sector e as principais loitas e mobilizacións que estamos enfrontando.

Deseño planificado para aumentar beneficios empeorando as condicións laborais

Para Carril esta situación é resultado "dun deseño planificado polo capital, no que os gobernos están entregados á aprobación de permanentes reformas laborais, empeorando as condicións laborais, xerando máis inestabilidade e inseguridade laboral, causando máis recortes nos dereitos sociais que se ven substituídos por programas de beneficencia social".

Deseño no que "as empresas transfieren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada e de baixos salarios que cada ano caen máis no PIB", dixo, e que se confirma ao coñecerse o dato

de que "o 1% da poboación máis rica concentra 3 veces máis riqueza que o 50% máis pobre, mentres máis do 52% das familias están na pobreza teñen emprego", denunciou.

Por iso denunciou o papel do diálogo social e de CCOO e UGT por apoiar este modelo neoliberal. Como exemplo puxo o V Acordo Estatal de Negociación Colectiva que considerou exemplo de "entreguismo á patronal" e que se comprometeu, desde a CIG a "rachar" para "garantir o dereito a negociar e decidir democraticamente e de forma directa en Galiza os nosos convenios colectivos".



Por un plan galego de recuperación económica

A manifestación rematou diante do edificio administrativo da Xunta de Galiza, en San Caetano, porque o secretario xeral da CIG acusou tamén o Goberno de Rueda, como o anterior de Feixóo, de compartir estas políticas e “aquelas que reforcen a dependencia económica e política de Galiza ao sistema español, negando un desenvolvemento galego propio para frear o aumento do empobrecemento das clases populares, a privatización dos servizos públicos, o imparábel avellentamento da poboación, a desertización social e industrial de moitas comarcas e a continua emigración por falta de emprego”.

Reclamou un plan galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e servizos públicos “para facer fronte, con xustiza social, aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo”. Cambios entre os que apuntou “a descarbonización da economía, o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías e a intensificación do proceso de valorización do capital mentres se desvaloriza o traballo”, mentres vai a máis “o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego”.

Organización e loita

Para combater a precariedade en todas as súas formas e seguir acumulando forzas, Paulo Carril lembrou aos delegados e delegadas asistentes que “a nosa acción sindical, individual e colectiva, debe ser atrevida e decidida en todos os ámbitos, coherente coa alternativa teórica e co discurso que temos pero sempre acompañada dunha práctica sindical real. Non podemos quedar na aparencia de ser ou de facer, de aparentes discursos radicais porque é contraproducente e nos fai vulnerábeis”.

Así manifestou que “o recoñecemento e credibilidade da CIG exige preocupación por sermos referentes, mellorando o coñecemento do que sucede nos centros de traballo, atinando na formulación das alternativas



concretas, poñéndonos á fronte das loitas e encabezando a conflitividade social e laboral”.

E concluíu chamando a “reforzar os nosos sinais de identidade,

o asemblearismo, a participación, a combatividade e a creación de organización para avanzar nas conquistas de dereitos e na transformación da realidade”.

Ante as eleccións galegas

O vindeiro 18 de febreiro están convocadas eleccións ao Parlamento galego. Tras 14 anos de gobernos do Partido Popular temos diante de nós a oportunidade de superar as nefastas políticas económicas, sociais, industriais e laborais que teñen levado Galiza á ruína na que hoxe se atopa.

Esta lexislatura que remata vén marcada pola marcha de Feixóo e a chegada de Alfonso Rueda, sen que nada mudara nas políticas neoliberais que se poñen en marcha dende a Xunta. Tanto un coma outro renunciaron a exercer o seu papel como presidentes de Galiza para actuar con submisión ao servizo do gran capital e ao ditado da Unión Europea.

A absoluta inhibición deste Goberno do PP estase a percibir moi claramente nas últimas semanas co colapso da sanidade pública, nomeadamente na Atención Primaria; ou cando ante a chegada de granulos plásticos ás nosas costas tanto a Xunta como o Goberno central dedícanse a culpase mutuamente da situación, optando pola desidia e o desleixo e desatendendo as funcións que lles son propias, e que en moitos casos está a exercer a sociedade galega por si mesma, como xa ten acontecido noutras ocasións.

Fronte a un Goberno central do PSOE e de Sumar aplicado en poñer en marcha medidas de recorte ao ditado de Bruxelas e sen sequera derrogar as lesivas reformas que implantaron gobernos anteriores, a Xunta segue sen dar unha resposta, sen formular medidas alternativas que non sexan aplicar nunha versión peor das mesmas políticas neoliberais e centralistas.

Nun contexto de grave aumento da pobreza laboral e social, coa carestía da vida sen dar tregua ás familias galegas, cando ter un emprego xa non garante poder vivir dun xeito minimamente digno, son necesarias máis ca nunca políticas públicas que concentren os recursos en favor dos intereses do pobo galego.



Malia o empeoramento da situación, o PPdG segue a aplicar o mesmo libro: ausencia dunha política industrial e de emprego; fomento do macroturismo e do sector servizos (Camiño de Santiago mediante); desinterese pola grave situación demográfica; entrega dos nosos recursos ás grandes empresas enerxéticas, coa tramitación de macroparques eólicos e a eucaliptización cada vez maior dos nosos montes; desmantelamento e privatización dos servizos públicos, coa sanidade pública e a atención aos coidados nunha situación cada vez máis crítica, etc.

Cómpre xa liquidar as políticas que vimos padecendo deste Goberno da Xunta e das que sufrimos as consecuencias: desequilibrios territoriais e sociais, desigualdade, pobreza, emigración.

Ao servizo do pobo

Dende a CIG levamos anos poñendo alternativas enriba da mesa. Sabemos que medidas son necesarias para acabar coas desigualdades e coa pobreza que padecen as maiorías sociais. Este país precisa con urxencia políticas públicas que poñan os recursos ao servizo do pobo; políticas económicas e industriais que creen emprego de calidade, con salarios xustos; que reforcen a sanidade e a atención ás persoas, e tamén o ensino; que defendan os nosos sectores produtivos básicos e fomenten proxectos industriais que pechen os ciclos produtivos na Galiza; que garantan unha verdadeira transición ecolóxica.

Cada un e cada unha de nós podemos contribuír a que sen demora haxa uns servizos públicos universais e de calidade, erradicando a súa mercantilización. Podemos axudar a acadar avances reais nos dereitos das mulleres e na dignificación das vidas das persoas maiores. Cadaquén pode facer a súa achega para rematar coas fendas: a fenda salarial, a fenda das pensións, a fenda dixital, a fenda entre a Galiza urbana e a rural... Facémolo cada vez que nos mobilizamos esixindo medidas alternativas como as que a CIG propón. E temos a oportunidade de facelo tamén o 18 de febreiro.

Porque para converter en realidade estas demandas precísase un cambio de goberno, un cambio de políticas para superar esta situación e avanzar cara a un futuro digno para a clase traballadora e o pobo galego.

Por todo isto, na CIG apostamos en institucións e administracións ao servizo do pobo e das maiorías sociais; e do mesmo xeito que chamamos a reforzar a posición da CIG como primeira forza sindical na Galiza, tamén facemos un chamamento á participación nas vindeiras eleccións, votando por forzas políticas nacionalistas e de esquerdas que poidan levar as nosas alternativas e demandas ao Parlamento galego e incluílas nas políticas que se apliquen.

Porque o que queremos é exercer o noso dereito a vivir e traballar con dignidade na nosa terra. Temos nas nosas mans unha oportunidade para seguir dando pasos no camiño dunha Galiza ceibe e sen explotación.